

RESOLUCIÓN

ASUNTO: CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO DE DOUS CONDUTORES DO VEHÍCULO MOTOBOMA PARA A CAMPAÑA 2025

EXPEDIENTE:2025/G003/000234

ANTECEDENTES:

Convocado proceso de selección de dous condutores da motobomba para a campaña de prevención e extinción de incendios forestais 2025, cubreuse unha praza polo que se optou por formular oferta de emprego ao SPREG aos efectos de poder cubrir a segunda das prazas .

Remitido listaxe polo SPREG de Betanzos (Oferta 6788), resulta que presentan instancia dous candidatos.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a listaxe dos aspirantes admitidos e excluídos no proceso selectivo para a contratación de un condutor de motobomba, que é a seguinte:

ADMITIDOS:


APELIDOS E NOME
Díaz Regueira José Manuel

EXCLUIDOS:

APELIDOS E NOME
Seijas González Diego (*)

*Causa exclusión: Presenta Carné de conducir caducado.

SEGUNDO.-A presente relación será publicada na sede electrónica do concello (sede.aranga.gal), concedéndose o **prazo de 48 horas**, dende a publicación da lista no taboleiro da sede electrónica e ata as trece horas do xoves, dezasete de xullo, para a



presentación das emendas ou subsanación da solicitude.

TERCEIRO.- A inclusión dos aspirantes na lista de admitidos non supón , en ningún caso, o recoñecemento por parte da Administración Municipal de que os mesmos reúnan os requisitos exixidos na convocatoria , que deberá acreditarse con posterioridade .

CUARTO: Os aspirantes quedan citados para o VÉNRES, DEZAOITO DE XULLO , ÁS NOVE HORAS , no CEIP DE A CASTELLANA para a realización do exame.

O exame escrito consistirá nun exame tipo test relativo ao coñecemento do manexo da motobomba e das tarefas a realizar así como o coñecemento do termo municipal. Serán dez preguntas, asinándose un punto por resposta correcta, no se penalizarán as pregunta en branco e as respostas negativas penalizarán 0,25 puntos cada unha delas.


A proba física realizarase segundo o indicado no Anexo II desta resolución, debendo os aspirantes cumprimentar a declaración que figura como Anexo I.

Realizadas as probas, o tribunal valorará os méritos alegados, tendo en conta que se valorarán conforme ao establecido nas bases: certificación de servizos prestados expedido por organismo público ou, no seu defecto, copia do contrato de traballo sempre acompañada de informe de vida laboral. Respecto aos cursos de formación valoraránse segundo os certificados, documentos ou título acreditativos.

Rematada a cualificación o tribunal formará unha relación de aprobados coa orde de puntuación final obtida, propoñendo o nomeamento dos dous primeiros da lista quedando os restantes como reservas, pola orde de puntuación.

QUINTO.- Manter a composición do tribunal cualificador desinado para o proceso selectivo.

A publicación da presente resolución na sede electrónica de Aranga ten, a todos os efectos, o carácter de citación dos aspirantes, que poderán recusar os membros do tribunal de conformidade co previsto no artigo 24 da lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público .



ANEXO I.- DECLARACIÓN DE APTITUD FÍSICA E PSÍQUICA

APELIDOS		NOME	
DNI		DATA DE NACEMENTO	
DOMICILIO		CÓDIGO POSTAL	
LOCALIDADE		PROVINCIA	
TELÉFONO FIXO		MÓVIL	
E-MAIL			

Baixo a miña enteira responsabilidade,

DECLARO que non padezo ningunha enfermidade infectocontaxiosa e que estou nas condicións mentais e físicas necesarias para realizar as probas físicas de máximo esforzo.


Dado que cumpro estas condicións, desexo participar nas probas físicas correspondentes ao proceso de selección de condutor de camión de bombeiros polo Concello de Aranga, declarando expresamente que libero ao Concello de Aranga e ao persoal responsable das probas de calquera dano que poida sufrir durante o transcurso das mesmas derivado da inexactitude desta declaración.

DECLARO que lin a descrición da proba e que fun informado polo Concello de Aranga de que, no caso de ter dúbidas sobre se padezo algunha enfermidade infectocontaxiosa e/ou que estou nas condicións mentais e físicas necesarias para realizar as probas de máximo esforzo, é recomendable que, antes de realizar a proba, me someta a un recoñecemento médico para descartar calquera enfermidade infectocontaxiosa e/ou calquera condición que me poida impedir realizala en condicións axeitadas, poderei achegar un certificado médico que acredite estas condicións se así o desexo.

Para que conste e para os efectos oportunos, asino este documento.

Asdo. _____

En , a de de 2025



ANEXO II.-

Descripción da proba:

□ DATA: venres, 18 de xullo de 2025

□ HORA: 9:00 horas

□ Lugar: CEIP A Castellana, A Castellana (Aranga)


△ Presentarse con al menos 15 minutos de antelación.

Consistirá na realización da proba física na que as persoas aspirantes terán que camiñar 3.200 metros cun peso de 10 kg ás costas, nun tempo máximo de 30 minutos. Sobre 11 voltas a un circuito de 290 m (+-1m).

O circuito atópase dentro das instalacións do CEIP A Castellana, na localidade de A Castellana (ARANGA)



Descripción Volta 290 metros



CONCELLO DE ARANGA

exp. 2025/G003/000234

*Recoméndase calzado e vestimenta apropiados para a realización da proba.

Cada **participante deberá portar unha mochila de súa propiedade cunha carga mínima de 10 kg**, ou utilizar outro sistema personal de transporte que non reduza o peso soportado. As mochilas serán pesadas antes de iniciar a proba.

⚠ En caso de dúbida sobre o estado físico ou se se padece algunha enfermidade, recomendase realizar un recoñecemento médico previo.

En Concello de Aranga, martes 15 de xullo de 2025

O Alcalde/Presidente

Alberto Platas Álvarez